

O SECRETARIO XERAL DE UGT-GALICIA INTERVÉN NA CLAUSURA DO PROXECTO ITINERANTE “UNIVERSIDADE PEME EN RUTA” DESTACANDO A IMPORTANCIA DA FORMACIÓN



Redacción.- O secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, interveu este xoves na Coruña no acto de clausura do proxecto itinerante “Formación en Ruta”.

Medeiros insistiu en que a formación non é un gasto, trátase dun dereito, unha ferramenta clave para mellorar a empregabilidade, fortalecer o tecido produtivo e facer dos cambios unha oportunidade. E isto cobra moito sentido nun sector como a construción, un sector fundamental que xera emprego, vertebra territorio e constrúe país e que está en plena transformación e cun reto importantísimo, mellorar a seguridade e saúde. E, apuntou, é aquí onde iniciativas como “esta

teñen todo o sentido”.

Neste senso, “Universidade Peme en Ruta” é unha forma de achegar innovación, formación e ferramentas ás pemes e ás persoas traballadoras.

Nesta iniciativa tamén encadrou e necesidade de relevo xeracional no sector da construción pero, para iso, hai que garantir un sector moderno, seguro e con oportunidades reais. Para o cal, UGT aposta por unha dixitalización inclusiva que chegue ás pemes e que mellore as condicións de traballo.

En definitiva, trátase dunha iniciativa itinerante, “Universidade Peme en Ruta”, que leva a Galicia a dixitalización en prevención no sector da construción..

O proxecto percorreu 14 provincias desde o inicio da súa andaina, mostrando de forma práctica os últimos avances dixitais para a prevención de riscos laborais no sector da construción

Hai que sinalar que a iniciativa foi promovida por Fundae (Fundación Estatal para a Formación no Emprego) e o Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), en cola-



boración coa Fundación Laboral da Construción.

No acto participaron a vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Traballo e Economía Social, Yolanda Díaz; o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco; a directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego da Xunta, Zeltia Lado; o director xeneral do SEPE, Gerardo Gutiérrez; o director xerente de Fundae, Antonio de Luis Acevedo; o presidente da Fundación Laboral da Construción e da Confederación Nacional da Construción (CNC), Pedro Fernández; o secretario xeral de UGT FICA Galicia e vicepresidente da FLC de Galicia, Javier Carreiro; o seu homólogo de CCOO do Hábitat, Alejandro Gesto; o coordinador Federal de Construción e adxunto á Secretaría Xeral de UGT FICA, Álvaro Recio; e o secretario xeral de UGT Galicia, Cristóbal Medeiros.

OS AVANCES NA CREACIÓN DE EMPREGO MOSTRAN QUE A ECONOMÍA SEGUE CRECENDO

Os datos de afiliación á Seguridade Social e paro rexistrado correspondentes ao mes de marzo, publicados este luns, mostran un incremento do emprego e unha redución do desemprego

Redacción.- A afiliación á Seguridade Social crece este mes en 7.644 persoas en comparanza con febreiro, alcanzando 1.095.875 persoas afiliadas. Continuando así en cifras de máximos de afiliación no mes de marzo. Con respecto a hai un ano hai 16.480 persoas ocupadas máis, o que sitúa a taxa de creación de emprego no 1,53%, reflectindo unha notable fortaleza

da demanda de traballo e a capacidade de xerar emprego da nosa economía. Aínda que hai que precisar que por debaixo do que sucede no resto do Estado, onde a taxa de creación de emprego foi do 2,5%.

Estas cifras, que reforzan a tendencia positiva dos últimos anos, demostran que a mellora dos dereitos laborais non só au-

menta a calidade de vida das persoas traballadoras, senón que impulsa os resultados do conxunto da economía. En contra das formulacións austericidas e neoliberais, que sempre reciben recortes de garantías e de salarios con nefastos resultados (como se comprobou tras a Gran Recesión), a aplicación desde 2018 dunha estratexia diametralmente oposta demos-

trou a falsidade das predicións liberais. Así, a aposta polo contrato fixo como eixo da contratación, a recuperación de dereitos laborais, o reequilibrio da negociación colectiva e o notable incremento do salario mínimo interprofesional lograron situar á economía española nunha senda de crecemento sostido que se sitúa á cabeza das grandes economías europeas e que está a lograr cifras marca de emprego e mínimas de paro. Estes bos rexistros marcan o camiño para seguir nos próximos anos, que pasa por seguir mellorando os dereitos laborais e a calidade do emprego e por elevar máis os salarios, fonte principal da renda dos fogares que, co seu consumo, sostén a nosa demanda interna.

Pola súa banda, o paro rexistrado experimenta unha caída mensual de 1.388 persoas. En total rexístranse 114.670 persoas en situación de desemprego, a cifra máis baixa para un mes de marzo desde hai 18 anos e un 3,76% inferior á de hai un ano. Este ritmo de redución do desemprego mantense en niveis moi significativos, mesmo tras os descensos acumulados en exercicios anteriores, o que evidencia a persistencia dunha tendencia estrutural de mellora no mercado de traballo.

Durante este mes formalizáronse un total de 57.370 contratos, dos cales 19.317 corresponden a contratos indefinidos, o que supón o 33,67% do total, 18,8 puntos porcentuais máis que en marzo de 2021, previo á entrada en vigor da reforma laboral.

Polo que se refire á temporalidade da afiliación, en marzo situouse no 13,49%, 14 puntos inferior á existente no mesmo mes de 2021, antes da reforma laboral que permitiu mellorar de xeito drástico un dos problemas estruturais máis persistentes do mercado de traballo.

Deste xeito, a evolución favorable da economía segue impulsando a creación de emprego, que segue sendo un obxectivo prioritario, posto que a nosa taxa de paro, a pesar de situarse por baixo do 10%, segue sendo a máis elevada da UE. Así mesmo, o mercado de traballo mostra unha maior estabilidade e calidade como consecuencia dos cambios introducidos pola última reforma laboral, que permitiron incrementar en todo o Estado en máis de 4,7 millóns o número de persoas traballadoras con contrato indefinido desde marzo de 2021, o que reflicte un cambio estrutural relevante no patrón de creación de emprego.

Con todo, a pesar destes avances, persisten retos importantes no mercado de traballo, especialmente no que respecta ás condicións de vida e benestar das persoas traballadoras.

En primeiro lugar, como se mencionou antes, subsiste unha ampla marxe de mellora na redución do desemprego, especialmente no caso do paro de longa duración. É necesario desenvolver unhas políticas activas de emprego máis eficaces, con orientación personalizada, maior dotación de recursos técnicos e humanos dos servizos públicos de emprego, unha carteira de servizos homoxénea entre CCAA e sistemas de avaliación que permitan medir resultados.

En segundo lugar, é clave acometer xa a redución da xornada laboral sen perda salarial, que constitúe unha reforma necesaria para adaptarse aos cambios estruturais do mercado de traballo, que ten amplo respaldo social, e que constitúe unha vía para mellorar a calidade do emprego, a produtividade e as condicións de vida das persoas traballadoras.

Para rematar, resulta imprescindible avanzar en salarios máis xustos e acordos coa evolución da economía e os beneficios empresariais. Aínda que os incrementos salariais de convenio permitiron certa recuperación do poder adquisitivo nos últimos tres anos, a recente guerra iniciada por EEUU e Israel en Irán desencadeou tensións nos mercados enerxéticos que ameazan con erosionar o poder de compra das persoas traballadoras, especialmente de quen percibe salarios baixos. Por iso, resulta imprescindible incluír en todos os convenios colectivos cláusulas de revisión salarial para protexer as subidas pactadas dos aumentos de prezos sobrevidos.

En definitiva, os avances na creación de emprego mostran que a economía segue crescendo e xerando benestar para o conxunto da poboación. No entanto, é imprescindible seguir reforzando as políticas activas, elevar os salarios e aplicar dunha vez a redución da xornada, entre outras medidas, para seguir configurando un mercado laboral máis produtivo, sostible e xusto.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fixeron públicos o luns, en Galicia o desemprego baixou en 1,388 persoas con respecto ao mes anterior (1,20%) e no Estado esta cifra tamén baixou, aínda que menos, un 0,94%. O mesmo sucedeu no ano, o desemprego diminuíu, en 4.485 persoas, un 3,76% menos. Así, o número total de desempregados sitúase en 114.670 persoas.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego seguiu a mesma tendencia que no resto de idades en canto ao

mes pero non no ano, xa que, neste caso, o paro subiu. Así, en relación ao mes anterior, o desemprego baixou entre os menores de 25 anos nun 0,55% e no ano este aumentou nun 7,08%.

Por sexos, no mes o desemprego baixa en ambos, un 1,23% entre os homes e no caso das mulleres nun 1,17%. No ano baixou o desemprego en ambos casos, o 4,10% entre os homes e o 3,52% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase de que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 58,11% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 66.636 mulleres, fronte a 48.034 homes.

En canto aos sectores, o desemprego no mes baixa en todos, excepto no colectivo de "sen emprego anterior". Así, baixa na agricultura e gandería, nun 0,38%; no 0,70% na industria; no 3,42% no sector da construción; e o 1,35% no sector servizos. Pola contra, sube nun 0,71% no colectivo de sen emprego anterior. No ano baixa en todos. Así, diminúe un 6,65% no primario; o 4,62% na industria; o 9,83 na construción; o 2,93% nos servizos; e o 4,24% entre as persoas que non teñen un emprego anterior.

Territorialmente, o desemprego tamén baixa no mes en todas as provincias, excepto en Ourense, onde sobe nun 0,16%. Baixa o 1,21% na Coruña, 1,49% en Lugo, e un 1,54% en Pontevedra. No ano a baixada foi do 4,05% na Coruña, 0,81% en Lugo, 1,27% en Ourense e o 5% en Pontevedra.

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 33,67%. Realizáronse en marzo un total de 57.370 contratos en Galicia, un 18,52% máis que no mes anterior e un 10,18% máis que no mesmo mes do ano anterior. No mes de marzo de 2021, a porcentaxe de contratación indefinida non superaba o 14,87%.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 69,8%, e no sector primario, do 62%. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 31,9%, e na industria, do 25,6%.

En canto á taxa de cobertura por desemprego, esta sitúase no 62,77%, moi por debaixo do 80,70% do Estado, con 66.114 persoas beneficiarias. Deste total, 22.893 perciben subsidios e 62 a Renda Activa de Inserción. O número de prestacións contributivas foi de 43.159. Aída así, a cifra de persoas que dependen de prestacións non contributivas segue a ser elevada, o que amosa as dificultades que atravesan moitas persoas desempregadas a pesar de percibir prestacións por ser estas con contías moi baixas.

UGT REXEITA A REFORMA DOS PAC POR INTRODUCIR CAMBIOS NA XORNADA SEN GARANTÍAS LEGAIS

O sindicato advirte de que a modificación do Decreto 172/1995 pode converter en obrigatoria unha actividade que se presenta como voluntaria

Redacción.- UGT Servizos Públicos de Galicia manifestou o seu rexeitamento á proposta de modificación do Decreto 172/1995, ao considerar que introduce cambios relevantes nas condicións de traballo do persoal dos Puntos de Atención Continuada (PAC).

Segundo expón a organización sindical nas súas alegacións, a reforma prevé a ampliación do horario de funcionamento destes dispositivos, incorporando a actividade das mañás dos sábados á xornada ordinaria. Para UGT, esta medida supón unha alteración substancial das condicións laborais, ao introducir novas obrigas sen negociación efectiva .

O sindicato sostén que a proposta vai máis alá dunha reorganización puntual e implica unha modificación do modelo asistencial, con efectos sobre a carga de traballo, a distribución da xornada e a conciliación do persoal, ademais do seu impacto na saúde laboral.

Un dos aspectos que centra a crítica é o que UGT define como unha “voluntariedade ficticia”. A organización sinala que, aínda que a Administración presenta o modelo como voluntario, a normativa non recolle garantías que permitan asegurar esa voluntariedade, ao establecer a apertura obrigatoria dos PAC nas mañás dos sábados.

Neste contexto, advirte de que a necesidade de cubrir un servizo esencial e a falta de efectivos poden provocar que esa suposta voluntariedade se converta, na práctica, nunha obrigación para o persoal .

UGT indica que, de continuar a tramitación da reforma, sería necesario introducir garantías que aseguren a seguridade xurídica do modelo, así como a



aplicación efectiva das melloras retributivas desde o 2026 e o cómputo da xornada complementaria desde a primeira hora.

Ademais, reclama que a actividade dos sábados pola mañá teña carácter voluntario, que se realice unha auditoría do funcionamento dos PAC e que se revisen os efectivos, especialmente nos centros con maior carga asistencial. En materia laboral, o sindicato demanda tamén o recoñecemento da quenda rotatoria complexa, a equiparación dos sábados aos festivos e o abono das noites de venres como prefestivas.

ARRANCAN AS MOBILIZACIÓNS EN REPSOL CORUÑA PARA DENUNCIAR A ELIMINACIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO

Este martes tivo lugar unha asemblea e unha concentración fronte á factoría, que se repetirá os días 14 e 22 (entre as 14.15 e as 15.30 horas), e o 27 está convocada unha xornada de folga

Redacción.- O Comité de Empresa denuncia que Repsol Fuel (Petróleo) A Coruña impulsou durante os últimos anos sucesivas reestruturacións internas que supuxeron a eliminación de ao redor de 50 postos de estrutura e a centralización de funcións en Madrid, todo iso sen indicio negociador, nin atención ás alegacións presentadas, nin a transparencia que entendemos necesaria coa representación legal do persoal.

Estas decisións, que a empresa presenta como “mellora continua”, xeraron un aumento da carga de traballo, máis tensión, prolongacións de xornada, externalización crecente e unha deterioración do clima laboral.

A última modificación estrutural da compañía expón a eliminación de seis operadores na unidade de Coque e un planificador de Paradas, xustificándoo polo peche de Calcinación e pola dixitalización. Con todo, o persoal lembra que a complexidade operativa de Coquización e Baleiro 2 non diminuíu, alén de



que os riscos seguen sendo elevados e que as novas esixencias técnicas aumentan e non reducen o traballo real en todas as áreas do complexo.

O Comité alerta tamén do impacto nos traballadores interinos, que ven bloqueado o seu acceso a emprego estable debido á continua redución de estrutura. Esta situación está a provocar desmotivación, perda de talento e unha crecente falta de interese en desenvolver carreira profesional dentro da compañía.

O órgano de representación insiste en que esta nova reestruturación supón un paso máis nunha estratexia de adelgazamento estrutural que inflúe na seguridade operativa, a estabilidade laboral e o futuro do centro industrial.

Neste contexto, reclama que Repsol abandone a vía dos recortes e priorice investimentos que reforcen a seguridade, a integridade dos activos e o futuro industrial do complexo.

UGT PIDE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A REPATRIACIÓN URGENTE DA XENTE DO MAR ATRAPADA NO GOLFO PÉRSICO E O ESTREITO DE ORMUZ

O Sindicato chama a atención sobre a posible desprotección de tripulacións en buques de pavillóns de conveniencia e reclama responsabilidade a armadores e gobernos

Redacción.- O Sector Marítimo-Portuario de FeSMC-UGT manifesta a súa seria preocupación pola situación que atravesamos a xente de mar que permanece atrapada no Golfo Pérsico e o Estreito de Ormuz, con especial atención ás tripulacións de buques de propiedade española.

No que se refire aos buques baixo Pavillón de Conveniencia, desde este Sindicato consideramos que o recurso a este tipo de prácticas empresariais, amplamente estendidas no ámbito do transporte marítimo, non pode en ningún caso diluír as responsabilidades laborais, sociais e xurídicas dos armadores nin eximir de actuación aos poderes públicos. Trátase dunha situación que afecta directamente a traballadores e traballadoras que ven comprometida a súa seguridade, as súas condicións de traballo e o exercicio efectivo

dos seus dereitos.

Desde UGT insistimos en lembrar que, de conformidade co Convenio sobre o Traballo Marítimo, 2006 (MLC, 2006) da Organización Internacional do Traballo, así como cos principios establecidos pola Organización Marítima Internacional (OMI), os armadores teñen a obrigaón de garantir a protección, o benestar e a repatriación da xente de mar. Así mesmo, os Estados deben velar polo cumprimento efectivo destas obrigaóns, especialmente en situacións de risco ou conflito que poidan comprometer a integridade das tripulacións.

Neste contexto, desde FeSMC-UGT consideramos imprescindible adoptar todas as medidas necesarias para garantir a seguridade, asistencia e repatriación das

tripulacións afectadas no menor tempo posible e, no seu caso, a posteriori, analizar e depurar responsabilidades no ámbito empresarial, sinalando a conduta daqueles armadores que, amparándose en estruturas societarias complexas e no uso de rexistros abertos, eludisen as súas obrigaóns respecto das súas tripulacións.

Este Sindicato considera inaceptable que, baixo ningunha circunstancia, a vida, a seguridade e a dignidade da xente do mar queden subordinadas a intereses económicos ou a prácticas empresariais baseadas na desregulación, así como tampouco a decisións unilaterais dos Estados en conflito.

A defensa dos dereitos laborais no mar esixe compromiso, responsabilidade e actuación inmediata.

UGT ESIXE GARANTÍAS DE EMPREGO EN GLOVO TRAS FINALIZAR SEN ACORDO A MEDIACIÓN NO SIMA

Redacción.- O sector de Estradas, Urbanos e Loxística de FeSMC-UGT defenderá na mesa do ERE da empresa Glovo unha representación sindical vinculada á RLPT e rexeita que a reorganización empresarial tradúzase en destrución de emprego, externalización e precarización.

A mediación celebrada o pasado martes no Servizo Interconfederal de Mediación e Arbitraje (SIMA) en relación co conflito aberto en GLOVO concluíu sen acordo, manténdose aberto un escenario de mobilización e negociación en defensa do emprego e dos dereitos das persoas traballadoras afectadas.

Segundo a documentación incorporada ao procedemento, o expediente de regulación de emprego anunciado pola empresa afectaría á actividade de repartición en 63 cidades e supoñería a extinción de 750 contratos de traballo, nun proceso que a propia mercantil vincula á externalización do persoal de riders en terceiras empresas.

Ante a falta dunha solución satisfactoria que garanta o mantemento do emprego e a protección efectiva do persoal, queda fixado un

calendario de folga para os días 24, 25 e 26 de abril. Para UGT, a saída ao conflito non pode pasar por descargar sobre as persoas traballadoras o custo dunha reordenación empresarial baseada na substitución do emprego directo por fórmulas externalizadas.

Así mesmo, o mércores 8 de abril constituíuse a mesa negociadora do ERE. Nesa sesión abordouse a configuración da representación da parte social nos centros afectados e, no seu caso, a cuestión relativa á designación de representantes ad hoc alí onde proceda.

A posición de FeSMC-UGT é clara: a designación da nosa representación debe realizarse a través dos membros da representación legal das persoas traballadoras afectadas, garantindo unha interlocución sindical lexítima, vinculada aos centros e orientada á defensa real do emprego, da actividade e das condicións laborais.

UGT reitera a súa esixencia



dunha negociación real, transparente e con garantías. A organización seguirá informando das decisións que se adopten no marco do período de consultas e das mobilizacións anunciadas, co obxectivo de frear calquera proceso de destrución de emprego e precarización no sector.

A FUNDACIÓN LUÍS TILVE PARTICIPARÁ NAS XORNADAS “A MEMORIA DO TRABALLO E A SÚA PEGADA NA SOCIEDADE E NO TERRITORIO”

Redacción.- Os vindeiros días 25 e 26 de setembro a Fundación estará entre os relatores das xornadas organizadas pola asociación BAMAD (de profesionais bibliotecarios, arquivistas, museólogos e documentalistas) e a Fundación Olga Gallego, que vela pola protección do Patrimonio Galego, neste caso, documental.

As xornadas, que levan por título: “Días de labor: a memoria do traballo e a súa pegada na sociedade e no territorio” celebraranse na sede da Facultade de Humanidades e Documentación da Universidade da Coruña, en Ferrol, e centraranse na labor dos Centros de memoria en Galicia e o seu papel, non só de garantes da protección e conservación do patrimonio histórico documental galego, senón tamén como produtores da actividade científica e investigadora, especialmente no referente o estudo do traballo en Galicia, nos seus diferentes ámbitos: o medio rural, a industria, o sector pesqueiro e o movemento obreiro.

Será unha oportunidade para dar a coñecer os traballos de formación, conservación e xestión do noso patrimonio

histórico documental, fundamentais para coñecer e salvagardar a historia do movemento obreiro en Galicia. Un patrimonio documental recoñecido como tal no artigo 49.3 da Lei 15/1985 do Patrimonio Histórico Español, e na Lei 7/2014 de Arquivos e documentos de Galicia, que no seu artigo 50, reflicte que os arquivos de institucións políticas e sindicais son titulares de documentos considerados patrimonio documental.

As xornadas xirarán entre tres eixos principais: a investigación sobre o mundo do traballo en Galicia, o traballo e os centros de memoria e outras memorias: a colaboración entre o terceiro sector e os centros de memoria.

DÍAS DE LABOR
A MEMORIA DO TRABALLO
E A SÚA PEGADA NA SOCIEDADE E O TERRITORIO

25 E 26 DE SETEMBRO DE 2026
AULA MAGNA DA FACULTADE DE HUMANIDADES
E DOCUMENTACIÓN DE FERROL

ORGANIZAN: **bamad** galicia **FUNDACIÓN OLGA GALLEGO** COLABORA:

APROBADO POLO CESE O DITAME SOBRE O PAQUETE EUROPEO DE PENSIÓNS COMPLEMENTARIAS

O texto, presentado pola secretaria de Políticas Europeas de UGT, Mari Carmen Barrera, subliña a necesidade de reforzar os sistemas públicos, evitar desigualdades e vincular a mellora das pensións a salarios dignos e emprego de calidade

Redacción.- Aprobado por unha ampla maioría na Sección ECO (Unión Económica e Monetaria e Cohesión Económica e Social), o ditame aborda as iniciativas lexislativas impulsadas pola Comisión Europea relativas á modificación da Directiva IORP II sobre fondos de pensións de emprego e do Regulamento do Produto Paneuropeo de Pensións Individuais (PEPP). A súa aprobación supón un paso relevante na definición da posición consultiva do CESE nun ámbito cruce do debate europeo sobre o futuro das pensións.

Durante a súa intervención, Barrera insistiu en que o desenvolvemento dos sistemas de pensións complementarias debe realizarse sen menoscabar os sistemas públicos, que continúan sendo o pilar fundamental para garantir pensións suficientes, equitativas e con capacidade redistributiva, especialmente fronte ás brechas de xénero. Neste sentido, subliñou que as pensións non poden abordarse unicamente desde unha perspectiva técnica ou financeira, se-

nón como un elemento central do modelo social europeo e da garantía dunha xubilación digna.

O ditame aprobado pon o acento na necesidade de evitar que a expansión de instrumentos privados, como o PEPP, xere novas desigualdades derivadas das diferenzas na capacidade de aforo das persoas traballadoras. Así mesmo, destaca o papel esencial do diálogo social e da negociación colectiva no desenvolvemento dos sistemas de pensións de emprego, respectando a diversidade de modelos existentes nos Estados membro e reforzando a protección e a información dos participantes.

Entre as principais achegas do texto figura tamén a proposta de crear un comité europeo de seguimento, con participación dos Estados membro, os axentes sociais, a sociedade civil e as autoridades competentes, para avaliar o impacto real das reformas



sobre a adecuación das pensións, a desigualdade e a pobreza, e achegar evidencia ao Semestre Europeo.

Para rematar, Barrera reiterou que a mellora das pensións está estreitamente vinculada á crise do custo da vida e á necesidade de mellorar as condicións laborais. Sen emprego de calidade e salarios adecuados, sinalou, resulta difícil xerar a capacidade de aforro necesaria para complementar as pensións públicas, o que reforza a importancia de políticas ambiciosas no ámbito laboral como parte inseparable do debate sobre as pensións en Europa.

TODO O QUE DEBES SABER SOBRE A PROPOSTA SINDICAL UNITARIA

A Proposta Sindical Unitaria pretende actualizar as relacións laborais dotándoas de máis dereitos, máis equilibrio e máis democracia

Que é a Proposta Sindical Unitaria?

É un documento elaborado polos sindicatos UGT e CCOO que marca a axenda sindical dos próximos meses e propón respostas e solucións a algúns dos problemas que, a día de hoxe, afectan e preocupan ás persoas traballadoras no noso país.

Que contén a proposta?

Trátase dun paquete de reformas baseado en catro eixos fundamentais:

Vivenda: ofrecendo respostas ao principal problema da cidadanía hoxe, o acceso á vivenda.

Despedimento: pechar o círculo da transformación do mercado de traballo iniciado coa reforma laboral, pechando a porta á arbitrariedade empresarial na utilización da figura do despedimento laboral, cumprindo así coa Carta Social Europea.

Contratos a tempo parcial: frear a precariedade que nos queda presente na política de contratación, os contratos a tempo parcial, que precarizan os salarios, afectando a mulleres maioritariamente e a persoas mozas.

Diálogo social e negociación colectiva: reforzar o diálogo social e a negociación colectiva, dotándoos dunha infraestrutura xurídica e institucional que invite a multiplicar os beneficios da concertación social ao conxunto da sociedade.

Cales son as propostas en materia de vivenda?

UGT reclama que se garanta o dereito recollido no art. 47 da CE, cun compromiso nacional estable baseado na cooperación das administracións públicas e a participación dos interlocutores sociais e a sociedade civil mediante un diálogo construtivo.

Propónse a creación intensiva dun Parque de Vivenda Pública Permanente que aumente a oferta alcanzable acompañando de medidas inmediatas para protexer a función social da vivenda como un fondo para unha vivenda alcanzable; un programa de alugueiro seguro e alcanzable; limitar o prezo máximo do alugueiro en zonas tensionadas; o cumprimento efectivo da Lei de Vivenda; regular as vivendas de uso turístico; reforzar a regulación do alugueiro de tempada e habitacional; facilitar o acceso ao crédito hipotecario; outorgar axudas e subvencións a colectivos vulnerables; ou acelerar e simplificar a construción de vivenda

alcanzable e social.

Como aborda o sindicato o despedimento laboral?

Desde UGT reclamamos a necesidade dunha reforma do despedimento sen causa no noso país, posto que a actual normativa incumple tratados internacionais e fomenta a precariedade prexudicando o emprego e os dereitos laborais.

A Proposta Sindical Unitaria propón reformular as obrigacións de xustificación da causa do despedimento esixindo maior rigor que evite o abuso nos despedimentos arbitrarios e en período de proba. É necesario asegurar dereitos fundamentais como o aviso previo suficiente, a comunicación motivada e a audiencia previa, así como reforzar o papel da representación sindical nos procesos de reestruturación empresarial; ampliar as causas de nulidade dos despedimentos, outorgar a decisión de reincorporación á vítima do despedimento, aumentar as indemnizacións por despedimento, fixar indemnizacións mínimas en liña con estándares europeos e recuperar os salarios de tramitación en caso de despedimento inxustificado que cumpran co carácter reparador e disuasorio esixido pola Carta Social Europea.

Contratos a tempo parcial, como se abordará este tema?

A reforma exposta pretende reducir a precariedade do contrato a tempo parcial e mellorar a calidade do emprego especialmente fronte á discriminación de xénero, a parcialidade involuntaria e as dificultades das persoas mozas.

Para iso, este tipo de contrato debe ser limitado con algunhas medidas a destacar:

- ✓ O contrato deberá xustificar por que non se realiza a tempo completo.
- ✓ Recoñécese o dereito a horarios estables e a coñecer previamente a duración e distribución diaria da xornada.
- ✓ Propónse consolidar anualmente,



de forma voluntaria, as horas complementarias e ampliacións de xornada na xornada pactada.

- ✓ Regular os pactos de horas complementarias.
- ✓ As persoas con polo menos seis meses de antigüidade terán preferencia para cubrir vacantes a tempo completo.

Que papel debe xogar o diálogo social e a negociación colectiva?

A proposta propón consolidar, a través dunha nova Lei, a participación dos interlocutores sociais no diálogo social e reforzar a negociación colectiva, como desenvolvemento dos artigos 7, 9.2, 129.2 e 148 da CE.

Propónse a creación do Consello do Diálogo Social que garanta un diálogo social permanente e a concertación social como desenvolvemento da Constitución, formado polo Goberno e as organizacións sindicais e empresariais máis representativas, como órgano estable de participación; propónse unha Mesa de Diálogo Social bipartita que potencie as relacións laborais e que dinamice a economía e as condicións laborais; aprobar unha Lei de Negociación Colectiva que actualice e reforce os contidos tratados nos convenios colectivos e que garanta a través de mecanismos de financiamento e seguimento a participación institucional e os acordos alcanzados.

En definitiva, a Proposta Sindical Unitaria pretende actualizar as relacións laborais dotándoas de máis Dereitos, Máis Equilibrio e Máis Democracia.